

## PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA EN MATERIAS OPTATIVAS DOS GRAOS EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

### FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE

CURSO 2022/2023

Aprobado en Comisión Permanente de 14 de xuño de 2022

#### 1. Preinscripción nas materias optativas

Antes de que se abra o prazo de matrícula para o curso 2022/2023 (26 de agosto ao 12 de setembro de 2022), o alumnado que xa estivese cursando estudos na Facultade de Ciencias de Ciencias da Educación e do Deporte e que desexe matricularse nas **materias optativas de 3º dos Graos en Educación Infantil e Educación Primaria** deberá realizar unha **preinscripción** entre os días **15 e 26 de xullo de 2022**. O número de prazas dispoñibles nestas materias indícase no Anexo I.

A devandita preinscripción para o estudantado da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte consistirá en cumprimentar un Formulario electrónico que se poderá atopar na **Secretaría Virtual**.

O alumnado deberá indicar a orde de preferencia entre TODOS os contidos optativos, independentemente do número máximo de optativas que desexe cursar e da mención escollida -de ser o caso-. De non indicar a orde de preferencia para todas as materias optativas, o alumnado arriscaríase a que non queden prazas vacantes das materias optativas da súa preferencia, segundo o procedemento de asignación descrito a continuación.

O estudantado que xa se matriculara dunha materia optativa en cursos anteriores e non a teña superada non deberá facer a solicitude de preinscripción nestas materias (pode matricularse directamente).

O alumnado de cambio de centro, de programas de mobilidade e de acceso por recoñecemento de créditos non debe realizar preinscripción, senón superar o seu propio proceso selectivo, o que lles permitirá realizar a matrícula nas materias optativas da súa elección. Estas persoas non serán tidas en conta a efectos de computar postos ocupados nas materias optativas con límite de prazas neste primeiro prazo de preinscripción.

Existe un cupo de unha persoa para persoas tituladas noutras universidades para cursar unha mención no mesmo grao na Universidade de Vigo. Se hai máis de unha persoa solicitante, resolveranse as peticións atendendo ao criterio da media do expediente académico. No caso de superarse este cupo, as persoas solicitantes que non poidan acceder a través del só poderán matricularse nas materias que requiren preinscripción no caso de non haber máis persoas preinscritas que prazas nas materias solicitadas. De haber vacantes pero tamén máis solicitudes que prazas, resolveranse atendendo ao criterio da media do expediente académico.

Para cada unha das materias optativas ás que se refire este procedemento, establécense dous cupos adicionais de unha praza cada un para:

- Deportistas de alto nivel ou de alto rendemento polo Consello Superior de Deportes ou polo organismo competente da Comunidade Autónoma.
- Persoas cun grao de discapacidade recoñecida dun 33% ou superior.

Estas persoas deberán realizar a preinscrición nos prazos prescritivos e entregar a documentación acreditativa da súa condición na Secretaría de Decanato no mesmo prazo.

## 2. Procedemento de asignación das materias optativas e matriculación

O procedemento de asignación rexerese pola nota media sobre 10 puntos en todos os prazos descritos no presente procedemento. O estudantado poderá coñecer o resultado da preinscrición na Secretaría Virtual e matricularse do 26 de agosto ao 12 de setembro de 2022 nas materias que se lle asignen. No caso de quedar prazos vacantes o centro poderá valorar outras solicitudes recibidas.

## 3. Prazos vacantes – primeiro prazo

Tras o período ordinario de matrícula poden quedar prazos vacantes en todas ou en algunha/s materia/s optativa/s, no caso de haber nestas menos persoas matriculadas nestas cás indicadas no Anexo I.

O alumnado que desexe matricularse de materias optativas con prazos vacantes no mes de setembro **deberá realizar** unha **preinscrición** entre os días **17 e 22 de setembro de 2022**. Dita preinscrición consistirá en cumprimentar un formulario electrónico que se poderá atopar na **Secretaría Virtual**.

O estudantado que sexa admitido no mes de setembro, como consecuencia do proceso de **asignación de prazos vacantes**, disporá unicamente do prazo establecido para modificacións de matrícula de materias do 1º e 2º cuatrimestre (**28 a 30 de setembro de 2022**) para matricularse de dita/s materia/s. No caso de quedar prazos vacantes o centro poderá valorar outras solicitudes recibidas.

## 4. Prazos vacantes – segundo prazo

Tras o primeiro período de modificación de matrícula poden quedar prazos vacantes en todas ou en algunha/s materia/s optativa/s, no caso de haber nestas menos persoas matriculadas nestas cás indicadas no Anexo I.

O estudantado que desexe matricularse de materias optativas con prazos vacantes no mes de xaneiro **deberá realizar** unha **preinscrición** entre os días **22 e 25 de xaneiro de 2023**. Dita preinscrición consistirá en cumprimentar un formulario electrónico que se poderá atopar na **Secretaría Virtual**.

O alumnado que sexa admitido no mes de xaneiro, como consecuencia do proceso de **asignación de prazos vacantes**, disporá unicamente do prazo establecido para modificacións de matrícula de materias do 2º cuatrimestre (**1 ao 3 de febreiro de 2023**) para matricularse de dita/s materia/s. No caso de quedar prazos vacantes o centro poderá valorar outras solicitudes recibidas. Non poderá matricularse en ningunha outra data de modificación de matrícula.

## ANEXO I.- INFORMACIÓN RELATIVA AS MATERIAS OPTATIVAS

Para acadar os títulos de Grao en Educación Infantil e Grao en Educación Primaria, o alumnado **terá que superar 24 créditos de materias optativas**.

Segundo a memoria do Título de Grao en Educación Infantil, as materias optativas de 3º son as seguintes:

3º EDUCACIÓN INFANTIL			
Código	Contido	Mención	Límite matrícula 2022/23
G110901	Coñecemento do medio natural	CURRICULAR	50
G110902	Ética e deontoloxía profesional	CURRICULAR	50
G110906	Obradoiro de creatividade artística	CURRICULAR	50
G110907	Xeografía para mestres	CURRICULAR	50
G110921	A educación física como medio de interdisciplinaridade	ED. FÍSICA	25
G110922	Coñecemento da contorna a través da actividade física na educación infantil	ED. FÍSICA	25
G110925	Seguridade e hábitos saudables a través da educación física	ED. FÍSICA	25
G110941	Agrupacións instrumentais para a escola	ED. MUSICAL	25
G110942	Novas tecnoloxías para a educación musical na escola	ED. MUSICAL	25
G110943	Técnica vocal e práctica coral	ED. MUSICAL	25

Segundo a memoria do Título de Grao en Educación Primaria, as materias optativas de 3º son as seguintes:

3º EDUCACIÓN PRIMARIA			
Código	Contido	Mención	Límite matrícula 2022/23
G120901	Educación ambiental para o desenvolvemento	CURRICULAR	50
G120902	Educación artística	CURRICULAR	50
G120903	Ética e deontoloxía profesional	CURRICULAR	50
G120921	Agrupacións instrumentais para a escola primaria	ED. MUSICAL	25
G120925	Novas tecnoloxías para a educación musical en primaria	ED. MUSICAL	25
G120926	Técnica vocal e práctica coral	ED. MUSICAL	25
G120941	A educación física como medio de interdisciplinaridade	ED. FÍSICA	25
G120942	Coñecemento da contorna a través da actividade física na escola	ED. FÍSICA	25
G120943	Seguridade e hábitos saudables a través da educación física	ED. FÍSICA	25

A Comisión Permanente poderá, se concorren circunstancias que o xustifiquen, actualizar as datas e o límite de prazas deste procedemento.

O alumnado debe ter presente que, a hora de escoller as materias optativas, poden darse dúas situacións:

- Que o/a estudante **desexe obter unha das mencións ao Título de Grao en Educación Infantil ou Grao en Educación Primaria**. Nese caso, terá que superar 4 materias específicas da mención elixida.
- Que o/a estudante **non desexe obter ningunha mención ao Título de Grao en Educación Infantil ou Grao en Educación Primaria**. Nese caso, simplemente terá que superar 4 materias optativas segundo a súa elección.

En todo caso, o Centro **garantirá que o estudante se poida matricular no Curso Académico de todos os créditos optativos necesarios para acadar o Título de Grao en Educación Infantil ou Grao en Educación Primaria**.